

Manual de uso

O presente ODE non precisa para o seu funcionamento a instalación de ningunha aplicación específica máis alá dun navegador web, un visor pdf (xa integrado na maioría de navegadores actuais) e a activación do uso de scripts para algunha das funcións de presentación do recurso. Está deseñado nun formato e funcionamento intuitivo para un usuario con coñecementos básicos de navegación pola rede unha vez entre na páxina inicial



Pódese empregar aloxado na rede ou nun repositorio remoto, dispoñible nunha rede local ou a través da execución directa do recurso como páxina web dende unha copia no ordenador do/a usuario/a. Unha vez iniciada a situación de aprendizaxe, o alumnado formará equipos para avanzar nunha serie de seccións e probas coa finalidade de acadar un obxectivo final. As distintas seccións presentan indicacións sobre o traballo a desenvolver.

Para amosar con claridade o proceso que se está a seguir, a secuencia didáctica presenta apoios visuais en forma de itinerario gráfico. Ademais, o deseño do recurso presenta un menú lateral constate e emerxente que permite a súa navegación. A estrutura en escenarios reproduce a idea de percorrido, unha forma clásica e habitual en secuenciación de actividades e que se espera sexa recoñecible e doada para o alumnado. Os escenarios principais do desenvolvemento de tarefas aparecen no mapa do inicio unidos por un trazo máis amplo e continuo; o enlace



coas actividades do escenario de Cada da Cidadanía que son opcionais presentan unha liña de puntos. Este arquivo está incrustado como svg no propio recurso e a súa edición cun programa que permita a modificación de arquivos vectoriais é fácil.

De xeito análogo, cada unha das seccións engade un pequeno mapa que serve de apoio gráfico e resume os principais escenarios que debe resolver o grupo apuntando o sentido global que ten cada escenario na consecución do reto final.



A estrutura do ODE presenta 27 arquivos en formato pdf que permiten a realización de actividades a través delas tanto de desenvolvemento como de avaliación. Eses arquivos non presentan formularios editables co que é necesario para empregalos directamente a súa impresión en papel. Con todo, é posible substituílos por alternativas en liña xa sexa mediante documentos creados directamente polo docente ou o alumnado xa sexa a través da conversión deses mesmos arquivos. Cómpre dicir que a súa inclusión pretende resultar de axuda e orientación no momento de desenvolver as actividades previstas e unha proposta de presentación e estruturación do traballo a realizar co que a súa forma de presentación pretende orientar a elaboración dos materiais no caso de que se desexe reaproveitar a secuencia completa ou aspectos concretos da secuencia.

De xeito adicional, as propias fichas que se presentan como material orientador marcan cando o seu uso é individual ou é colectivo e o apartado dentro de cada sección que se está a desenvolver mediante un pequeno menú no marxe esquerdo de iconas representativas. Así, as fichas poden ser máis facilmente clasificadas e contribuír a que o alumnado sexa consciente de en que momento do percorrido se atopa. En cada etapa a icona aparece destacado agás nas fichas de avaliación que ao ser un momento que abrangue os anteriores presentan todas as iconas destacadas. Como ilustración deste aspecto, pódese observar a estrutura de iconas do escenario observatorio onde se están a indicar as distintas fases dese departamento ficticio: que é informar, verificar a información, estudar o contexto, guiar a análise e recapitular e valorar.



Os escenarios teñen unha cor representativa para contribuír tamén á identificación de cada apartado rapidamente.

A folla de estilos que o programa de edición eXeLearning incorpora permite a adaptación da visualización do recurso aos diversos dispositivos e tamaños de pantalla. O usuario pode alterar o conxunto de iconas que o indican. Pasamos a describir brevemente os seleccionados dentro da folla do CEDEC.

As tarefas reciben a icona seguinte para representalas. Dentro do diálogo da tarefa mencionase o tipo de agrupamento e a duración. Cando se menciona o grupo de traballo cómpre ter en conta que este grupo debe ser heteroxéneo. O ideal é un grupo de catro onde un dos integrantes pode ter un nivel académico máis baixo e outro un nivel máis alto coa finalidade de facer que as dinámicas de traballo cooperativas sexan óptimas e enriquecedoras.



Solicitud de la ciudadanía del grupo al ayuntamiento

🕒 Duración: 1 sesión

👥 Agrupamento: Grupo de trabajo (3-5)

A claridade dos obxectivos é un dos aspectos perseguidos no deseño da secuencia. A icona que representa este elemento é a que sigue. O profesorado debe traballar axeitadamente a presentación e comprensión dos obxectivos no momento de posta en práctica do conxunto de actividades e tarefas.



Obxectivos

Neste departamento imos analizar a importancia da información que se comparte a través das redes.

As tarefas que ides realizar son de diferente tipo:

Os distintos escenarios presentan breves textos introdutorios para coñecer e achegar contexto aos distintos contidos que se están a desenvolver. A icona escollida é a seguinte:



Sobre algoritmos, filtros burbulla e cámaras de eco.

A maioría de información que nos chega é froito da interacción con grupos de confianza. Pero para que unha deliberación sexa eficaz deben escoitarse puntos de vista diverxentes e opinións distintas para poder pensar en alternativas. A capacidade de imaxinar escenarios posibles é fundamental para que o proceso de decisión sexa

Antes de comezar é clave compartir co alumno o significado do ODE, a importancia da participación na sociedade como cidadáns e o reto de facelo na esfera dixital. Os textos introdutorios tratan precisamente de axudar a construír esas ideas tratando de crear un contexto ficticio que lle de sentido.

A presentación do proxecto ao alumnado é unha fase importante para o seu éxito xa que mellora a motivación e a implicación do alumnado no desenvolvemento das tarefas. Coñecer o que se fai e por que é condición necesaria para o bo desenvolvemento da aprendizaxe.

Cómpre por tanto:

- Presentar o reto de acadar a cidadanía dixital xerando curiosidade e interese.
- Enunciar as características xerais do proxecto, os seus obxectivos e as tarefas que van a atopar.
- Especificar os criterios de avaliación para facilitar ao alumnado a representación da tarefa.

Durante o desenvolvemento da secuencia o alumnado ao traballar en grupo contará con:

- Pautas e ferramentas para orientar e facilitar o seu proceso de aprendizaxe.
- Explicacións sobre as tarefas e actividades que teñen que realizar.
- Orientación sobre a organización do traballo.
- Técnicas que axuden a regular a interacción no traballo en equipo.

Dende o punto de vista dunha metodoloxía activa na que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, a reflexión sobre ela é unha condición inescusable. Algunhas das tarefas inclúen pautas como rutinas de pensamento para promover a metacognición.

O profesorado debe axudar aos alumnos a xestionar apropiadamente a sección final destinada á valoración que é o momento máis relevante dentro do proceso para desenvolver a autorregulación.

Para iso, é importante:

- Explicar os obxectivos e criterios dese momento.
- Aclarar as instrucións e as dúbidas que poden xurdir.
- Considerar os tempos suxeridos para desenvolver as distintas actividades da tarefa
- Promover un ambiente de aula acolledor que facilite a reflexión.

- Compartir os resultados no grupo.

Así mesmo, resulta importante conceder tempo para dar continuidade ao percorrido; polo tanto é necesario asegurar

- O rexistro da consecución das tarefas.

- O rexistro dos acordos de mellora para futuros escenarios.

É interesante que o profesorado adopte unha estratexia de observación directa semidirixida para recoller mediante unha guía de observación a modo de diario de aula (xestionada polas persoas docentes implicadas na aplicación práctica das secuencias); esa guía de observación prestará atención tanto ao desenvolvemento competencial como á motivación, conduta na aula, estado anímico e achegará indicacións e suxestións de mellora para o seguimento da secuencia.